Paris, o 11 de Nadal de 1967

Sr. D. Antón Alonso Pérez.
Segredario do Consello de Galiza
BOS AIRES. Argentina.

Distinto irman:

Da Asambleia que celebrou ontem (10.XII.67) o Consello Federal o que pra nos ten unha maior importancia e o intento, por parte do señor Barrera 5catalán que viña do interior) de facer nombrar o señor Ramón Piñeiro pra un dos cargos do Comité Ejecuti do Consello. O Sr. Barrera, apoiado por un vasco (tamen do interior) d'unha maneira discreta pero firme, tuvo que retirar a sua proposición canda eu falei pra dicir que os nosos delegados no interior e os nosos candidatos (si algún dia os houbera) pra os cargos do Comité Ejecutivo debían ser presentados única e exclusivamente por nos mesmos e que no momento oportuno daríamos a conocer o nome e a dirección do noso delegado no interior o Segredario Xeral do Consello, señor Gironella.

Nun aparte o fin da Asambleia, o señor Irujo, do Goberno Vasco, díxome que a noso posición era moi débil, pois o que eu representaba ( o Consello de Galiza) non tiña forza no interior e estaba casi disuelto, e que o que contaba hoxe era o que él chama "grupo de Santiago".

Necesito, pra enviar a todos os delegados do Consello, unha información amplia sobor da composición aitual d'ese Consello, Delegacios do mesmo en outros países y o nome da persona que vai a ser o noso delegado no interior, que conven poda desplazarse algunha vez a Francia pra asistir a algunha Asambleia Xeral do Consello. Na d'ontem había nove delegados chegados do interior, entre eles, Gil Robles e Ramos Armero, da democracia cristiana, Ridruejo e Martí Zaro, tendencia liberal, dous cataláns (un d'eles o señor Barrera), un vasco, un republicano e dous demócratas cristianos de Madrid. Cando reciba copia de acta darei os nomes.

O Comité Ejecutivo do Consello quedou formado como sigue:

Presidente: Salvador de Madariaga.
Vice-Presidentes: Llopis, Gil Robles, Maldonado, Sauret, Pons (democracia cristiana) y Turullols (vasco).
Secretario General: Enrique Gironella.
Tesorero: Carlos Parera.
Secretario adjunto: Sr. Martí Zaro (interior, tendencia liberal).

Asistín a Asambleia, sin ter recibido resposta a miña última carta, por considerar que temos que conservar esta posición privilegiada que temos desda fai tempo no Consello Federal. A maniobra tendendo a nomear o Señor Piñeiro demostroume que estaba acertado. Agardo suas noticias pra saber si debo abandonar todo ou seguir na loita.

Pediron ingreso no Consello duas fortes asociacios de Madrid e Barcelona (económicas e europeístas) nas que están representadas todas as tendencias democráticas. O Consello comenzou conversacios con elas en vistas a sua admisión. Como poden ver o Consello se amplia e vaise a convertir no eixo da loita contra o franquismo. Penso sempre que e necesaria

~~xxxxxxxxxxxxxxxx~~ en resumo

a creación, ou mais ben resurreción, d'unha forza política galega. Asi podromos estar presentes en todo o se se faga con vistas a España e contra do réximen franquista (Falo do Partido Galeguista).

A Asambleia d'ontem foi un toque de atención pra nos. Nos terá nada de particular que outros galegos volvan a carga apoiados sempre polos catalás do interior ou outras forzas. Conste que falo así non polo interés que eu teña en seguir asistindo a estas reuniós representando a ese Consello, sinon por creer e o meu deber de advertirlles o que pasa.

Dispensen a brevedad d'esta carta. Non quero deixala pra outro día, pois a cousa paréceme grave.

Reciban unha fra~~t~~dernal aperta de

X. Alvajar